

## 1. QUE SE PODE PROTEXER

### a. Patentes

#### Que é unha patentes

Unha patente é un título que recoñece o dereito de explotar en exclusiva a invención patentada, impedindo a outros a súa fabricación, venta ou utilización sen consentimento do titular.

A Lei 11/1986 de 20 de marzo, de patentes establece no Artigo 4. 1. “Son patentables as invencións novas, que impliquen actividade inventiva e sexan susceptibles de aplicación industrial, aínda cando teñan por obxecto un produto que estea composto ou que conteña materia biolóxica, ou un procedemento mediante o cal se produza, transforme ou utilice materia biolóxica”.

“Se considera que unha invención é nova cando non está comprendida no estado da técnica” (Artigo 6. 1). “O estado da técnica está constituído por todo o que antes da data de presentación da solicitude de patente fíxose accesible ó público en España ou no estranxeiro por unha descrición escrita ou oral, por unha utilización ou por calquera outro medio”.

Isto implica que, SI QUEREMOS PATENTAR E NECESARIO FACELO ¡ANTES DE PUBLiCAR!

Antes da tramitación dunha solicitude de patente a OIT-CITT fará un Informe sobre o Estado da Técnica para Información Tecnolóxica. O Informe, no que se buscan e analizan as patentes publicadas a nivel mundial, consiste en listados de referencias recuperadas en bases de datos de acceso libre e copia dos documentos de patentes consideradas relevantes en relación ca invención.

A protección da invención é efectiva a partir da data de presentación da solicitude, sempre que se conceda a patente. O tempo de tramitación da solicitude de patente ata a concesión está entre 2 – 3 anos. A patente ten unha duración de vinte anos improrrogables.

#### Protección internacional das invencións

Presentando unha solicitude de invención de patente nacional na Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM) queda protexida a patente en España e provisionalmente en todo o mundo. O



CITT comunicará os inventores a conveniencia de protección da invención no estranxeiro, podendo facer uso da vía internacional do Tratado de Cooperación en materia de Patentes (Patent Cooperation Treaty: PCT), solicitar unha patente europea ou ben acudir directamente á oficina de propiedade industrial de cada país onde se desexa obter a protección. Nestes casos será necesario facer fronte ó pago de taxas considerables. Os inventores enviarán ó CITT unha tradución ó inglés da DESCRICIÓN da patente de invención.

A vía PCT facilita a tramitación das solicitudes das invencións cando a protección é desexada en varios países. Tense que solicitar ó CITT antes de que transcorra 1 ano desde a data de prioridade. A Comisión Permanente do CITT será o órgano autorizado na toma de decisións respecto da protección internacional das invencións, e corresponde ó Reitor a decisión definitiva.

#### **b. Marcas e Nomes Comerciais**

“Entendese por marca todo signo susceptible de representación gráfica que sirva para distinguir no mercado os produtos ou servizos dunha empresa dos de outras” (Lei 17/2001 de 7 de decembro, de marcas).

“Entendese por nome comercial todo signo susceptible de representación gráfica que identifica a unha empresa no tráfico mercantil e que serve para distinguila das demais empresas que desenvolven actividades idénticas ou similares”.

Os signos distintivos son as marcas (nacionais, comunitarias e internacionais) de produtos e servizos, e os nomes comerciais.

Unha marca é un título que confire ó seu titular o dereito exclusivo a utilizala no tráfico económico.

Un nome comercial é un título que confire ó seu titular o dereito exclusivo a utilizalo no exercicio da súa actividade empresarial.

Elixido o signo distintivo que se quere protexer, e antes da tramitación dunha solicitude de marca ou nome comercial, o CITT fará un Informe de Busca de identidades ou parecidos para asegurarse de que o signo distintivo está libre.

O tempo de tramitación da solicitude de marca ou nome comercial ata a concesión pola OEPM está entre 8 – 15 meses. O rexistro dunha marca ou nome comercial se outorga por dez anos e poderá renovarse por períodos sucesivos de dez anos.

### **c. Programas de ordenador e bases de datos**

Os programas de ordenador como creación científica, son obxecto de Propiedade Intelectual.

Tamén son obxecto de propiedade intelectual, as bases de datos que pola selección ou disposición dos seus contidos constitúan creacións intelectuais, sen prexuízo, no seu caso, dos dereitos que puideran subsistir sobre ditos contidos. A protección recoñecida refírese unicamente á súa estrutura en canto forma de expresión da selección ou disposición dos seus contidos, non sendo extensiva a estes.

Considéranse bases de datos as coleccións de obras, de datos, ou de outros elementos independentes dispostos de maneira sistemática ou metódica e accesibles individualmente por medios electrónicos ou de outra forma.

O rexistro nas oficinas do Rexistro da Propiedade Intelectual ten efectos probatorios y salvo proba en contrario, os dereitos, existen e pertencen ó seu titular na forma determinada no Rexistro. Os dereitos de explotación da obra durarán toda a vida do autor e setenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento.

### **d. Topografías de produtos semicondutores**

A Lei 11/1988, de 3 de maio, de protección xurídica das topografías dos produtos semicondutores, establece como definicións:

Produto semiconductor, a forma final ou intermedia de calquera produto: constituído por un substrato que inclúa unha capa de material semiconductor, que teña unha ou máis capas suplementarias de materiais condutores, illantes ou semicondutores, dispostas en función dunha

estrutura tridimensional predeterminada, e destinado a desempeñar, exclusivamente ou xunto con outras funcións, unha función electrónica.

Topografía dun produto semiconductor, unha serie de imaxes interconectadas, sexa cal tora a maneira en que estean fixadas ou codificadas: que representen a estrutura tridimensional das capas que compoñen o produto semiconductor, no cal cada imaxe teña a estrutura ou parte da estrutura dunha das superficies do produto semiconductor en calquera das súas fases de fabricación.

Protexeranse as topografías dos produtos semicondutores mediante a concesión de dereitos exclusivos. Os produtos semicondutores poderán levar unha indicación consistente nunha T dentro dun círculo.

A duración da protección conferida pola topografía dun produto semiconductor é de dez anos

#### **e. Variedades Vexetais**

Entendese por variedade un conxunto de plantas dun solo taxón botánico do rango máis baixo coñecido que poida:

- Definirse pola expresión dos caracteres resultantes dun certo xenotipo ou dunha certa combinación de xenotipos;
- Distinguirse de calquera outro conxunto de plantas pola expresión de, polo menos un, de ditos caracteres, e
- Considerarse como unha unidade, habida conta da súa aptitude a propagarse sen alteración.

Entendese por obtente a persoa que creara ou descubrira e desenvolva unha variedade e por dereito de obtente, o conxunto de dereitos que o seu titular confire o título de obtención vexetal dunha variedade.

O título de obtención vexetal se concede cando a variedade sexa: nova, distinta, homoxénea, e estable.

A protección da variedade confire o dereito exclusivo ás actuacións seguintes:

- A produción ou a reprodución (multiplicación)
- acondicionamento aos fins da reprodución ou da multiplicación

- A oferta en venta.
- A venta ou calquera outra forma de comercialización.
- A exportación.
- A importación.
- A posesión para calquera dos fins mencionados nos apartados a) a f).

A duración do dereito do obtentor se estenderá ata o final do vixésimo quinto ano natural ou, no caso de variedades de vide e de especies arbóreas, ata o final do trixésimo ano natural a contar desde o ano de concesión dos dereitos de obtentor.

Corresponde o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) a tramitación dos procedementos de concesión dos títulos de obtención vexetal. As Comunidades Autónomas exercerán as facultades relativas á recepción das solicitudes.

## 2. INFORMACIÓN TÉCNOLÓXICA

O primeiro paso que se esixe nalgunhas formas de protección como as patentes e a novidade, e dicir que non exista nada similar protexido ou publicado. Por tanto, e necesario consultar as fontes de información dispoñibles para contrastar a novidade dun resultado.

Por outra banda, as bases de datos de patentes e outros documentos de carácter tecnolóxico constitúen unha fonte de información que, complementada coa obtida das publicacións científicas, proporcionan unha ampla visión dun determinado campo tecnolóxico que pode ser de utilidade para:

- Planificar a orientación dun grupo de investigación en función das expectativas científico-tecnolóxicas.
- Vixiar o entorno competitivo nas actividades de desenvolvemento tecnolóxico e comercial.
- Determinar o "estado da técnica" nun sector tecnolóxico determinado.
- Posibilitar o seguimento da evolución tecnolóxica.
- Identificar marcas e signos empregados no mercado e valora-la posibilidade de obter signos novos.
- Dispoñer dunha fonte de ideas para estimular a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.



Os Informes Tecnolóxicos de Patentes buscan e analizan as patentes publicadas a nivel mundial. Consisten en listados de referencias recuperadas en bases de datos de acceso libre e copia dos documentos orixinais de patentes consideradas relevantes en relación ca invención.

Bases de datos de patentes gratuítas en Internet

- [Patentes en español](#)
- [Patentes internacionais](#)
- [Patentes en Estados Unidos](#)
- [Patentes de Oficinas de propiedade industrial internacionais](#)

### 3. ASESORÍA TÉCNICA

A OIT asesora ós investigadores na elaboración das memorias técnicas e documentos necesarios para a tramitación das solicitudes de protección (patente, programa de ordenador, marca, obtención vexetal, etc)

Nos apartados seguintes pódense atopar unhas orientacións básicas para a redacción dos documentos técnicos necesarios en cada caso. Para un asesoría máis completa e personalizada contacte coa OIT ( [cittfci@usc.es](mailto:cittfci@usc.es) )

#### a. Como redactar unha solicitude de patentes

Para tramitar unha solicitude de patente será preciso redactar un documento coa seguinte estrutura e contidos:

##### Memoria descriptiva

- Título da invención.
- Indicación do sector ó que se refira a invención; e do estado da técnica anterior á data de presentación, e dicir, os antecedentes da invención coñecidos polo inventor.

- Explicación da invención dunha maneira clara e completa, que permita unha comprensión do problema técnico creado así como a solución ó mesmo, indicándose as vantaxes da invención, e que permita a un experto na materia levala á práctica.
- Breve descrición dos debuxos, si os houbera.
- Exposición detallada dun modo de realización da invención, con exemplos.

Cando a invención se refira a un procedemento microbiolóxico, a descrición deberá conter información sobre as características do microorganismo, e depositar antes de presentar a solicitude un cultivo do microorganismo nunha institución autorizada, normalmente será a CECT (Colección Española de Cultivos Tipo).

### **Reivindicacións**

Definen o obxecto para a que se solicita a protección. As reivindicacións deben ser claras e concisas, fundarse na descrición, e conter:

Un preámbulo ou introdución no que se indica cal é o obxecto da invención (que sole coincidir co título da invención) e todas aquelas características técnicas que son necesarias para a definición dos elementos que se van a protexer.

Unha parte caracterizadora precedida pola expresión "caracterizado por", "en el que la mejora comprende", "que consiste en" ou unha similar, na que se expoñen de maneira concisa as características técnicas novas que se desexan protexer.

### **Resumo da invención**

Terá unha extensión máxima de 150 palabras

Non debe conter declaracións sobre méritos, vantaxes ou valores da invención.

Debe conter as seguintes partes ben diferenciadas: título da invención, obxecto da invención, descrición da invención, aplicacións, solución técnica que aporta, concretando o problema que resolve, alternativas, (debuxo e/ou fórmula química que caracterice mellor a invención).



[O resumen debe constituír un instrumento eficaz de información técnica de cara a efectuar buscas en bases de datos de patentes nun sector técnico determinado]

### **Inventores**

Nome completo e Apelidos do/s inventor/es, Departamento, Facultade, e relación laboral (profesor, bolseiro, contratado, ...) ca USC.

¡ATENCIÓN!: a descrición debe presentarse preferentemente no orden indicado. Non expoñer adecuadamente estes apartados.é motivo de suspenso pola Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM)

#### **b. Solicitud de marca ou nome comercial**

Poden ser signos **DISTINTIVOS** de **MARCA**

- As palabras ou combinacións de palabras, incluídas as que serven para identificar ás persoas.
- As imaxes, figuras, símbolos e debuxos.
- As letras, as cifras e as súas combinacións.
- As formas tridimensionais entre as que se inclúen os envoltorios, os envases e a forma do produto ou da súa presentación.
- Os sonoros.

Poden ser **DISTINTIVOS** de **NOME COMERCIAL**:

- Os nomes patronímicos, as razóns sociais e as denominacións das persoas xurídicas.
- As denominacións de fantasía.
- As denominacións alusivas ó obxecto da actividade empresarial.



- Os anagramas e logotipos.
- As imaxes, figuras e debuxos.

Si o distintivo inclúe algún elemento gráfico, unha determinada tipoloxía de letra ou cores, debe presentar 6 reproducións en color do signo distintivo. A reprodución deberá posuír un bo contraste e nitidez e non poderá exceder de 8 cm de ancho por 12 cm de alto.

Cando se solicite o rexistro dunha marca sonora, a reprodución da mesma deberá ser necesariamente de carácter gráfico, podendo efectuarse mediante a súa representación en pentagrama.

### **c. Protección de programas de ordenador**

Para a protección dun programa de ordenador será preciso elabora-la seguinte documentación:

Un EXEMPLAR da obra con tódalas páxinas numeradas, contendo:

- Na portada débese facer constar de forma clara:
  - Título da obra
  - Nome do autor, departamento, centro/facultade e empresa (Universidade de Santiago de Compostela (USC)). No caso de ser varios autores, estes deberán figurar por orden de preeminencia.
- Na segunda folla (e seguintes) do exemplar, incluírase para maior identificación da obra:
  - Linguaxe na que está realizada e entorno
  - Nome de tódolos programas ou ficheiros que contén
  - Resúmen da aplicación

Un resúmen por escrito dun máximo de 20 folios do manual de uso do programa ou da aplicación.

Para bases de datos: describírase a súa estrutura, os criterios sistemáticos e metódicos de ordenación e o sistema de acceso ós datos. Poderase tamén engadir unha gravación da base de datos en soporte CD no cal o contido se poida examinar polo rexistro.

- Diagrama de fluxo
  
  
  
  
  
  
  
  
  
  
- Totalidade do código fonte

Si o EXEMPLAR ten máis de ~ 300 páxinas (por causa da linguaxe fonte), pódese presentar os apartados a) e b) impresos e a linguaxe fonte en CD – ROM (2 copias).

#### 4. TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES

A OIT encargase da realización dos tramites para a solicitude de PROTECCIÓN DE RESULTADOS (patente, programa de ordenador, etc.) ante a entidade correspondente.

##### a. Pasos previos

- IDENTIFICA-LA FIGURA XURÍDICA que mellor se adapte o resultado que se pretende protexer: ver apartado de INFORMACIÓN
- REDACTAR un borrador de DOCUMENTO DE SOLICITUDE seguindo as indicacións contidos no apartado “Asesoría Técnica” deste documento.
- ENVIAR este documento a OIT ([cittfci@usc.es](mailto:cittfci@usc.es))

O persoal técnico da OIT, unha vez revisado o borrador, porase en contacto co investigador en caso de que fose necesario engadir información, ou eventualmente corrixir o borrador.



VICERREITORADO DE INVESTIGACIÓN  
E INNOVACIÓN  
Oficina de Investigación e Tecnoloxía

Edificio CACTUS – Campus universitario sur  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 981 547 040 – Fax. 981 547 077  
Correo electrónico: [cittinfo@usc.es](mailto:cittinfo@usc.es)  
<http://imaisd.usc.es>

## **5. TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA E LICENCIAS DE EXPLOTACIÓN**

O obxectivo último do proceso de PROTECCIÓN DE RESULTADOS e a rendabilización económica e social dos esforzos e investimentos en investigación e desenvolvemento.

A Universidade de Santiago, a través da OIT asesora e canaliza os procesos de transferencia de tecnoloxía, licencias de explotación, ou venta de títulos de propiedade intelectual e industrial.

Exemplos de contrato de cesión/licenza de resultados: (na sección de documentos da páxina da OIT pode descargarse)

Contrato para cesión do dereito de uso dun programa informático

Contrato para licenza de explotación de patente